

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Ramón de Valenzuela, a Lois Tobío Fernández do

22/01/1966

Colección:

Data: 22/01/1966

De:

Ramón de Valenzuela;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Venezuela, 452, 4º (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

General Moscardó, 10, 2ªA (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: RAMÓN DE VALENZUELA OTERO / LICENCIADO EN FILOSOFÍA Y LETRAS].

Mencionados:

Xesús Alonso Montero; Castelao; Perfecto López; Manuel Puente; Mª del Carmen Soler; Constanza Tobío Soler; Miguel Tobío Soler;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ramón de Valenzuela, a Lois Tobío Fernández do 22/01/1966

RAMÓN DE VALENZUELA OTERO
LICENCIADO EN FILOSOFÍA Y LETRAS
VENEZUELA 452 - 4º - 21
T.E. 30 - 7694
BUENOS AIRES

22 de xaneiro de 1966

Querido Lois:

Desde cheguei estou estudando o programa das oposicións a cátedra de Xeografía e Historia de Institutos.

Mandoumo Alonso Montero e comencei a traballar nel a todo canto podo dar. Nin son complicados nin difíciles, pero son 166 temas que necesariamente compre saber, porque dous dos cinco exercicios son sorte.

As oposicións son arredor de xunio, pero non sei xusto cando, cousa que ben me compría pra axeitar o tempo.

Se non aprobo, cousa moi posibel, verei, tamen, de me quedar ahí, a ser factibel traballando nun colexio privado e donde non aproveitando a miña experiencia de comerciante.

Co que levo estudado, e calculando o tempo que falla, penso que pra xunio tereille dada unha volta a todos os temas, aínda que non sei se na intensidade e, sobor de todo, na dirección que se precisaría.

O caso é que, sexa como sexa, non nos parece que teña ningún sentido o prolongar a nosa vida aquí.

Fernando ficará en Europa perante 5 anos mais, que pode prolongar a 7. José Ramón comenzou un traballo de corredor dunha casa de eletricidade e toma os estudos de esguello, cousa que poderá facer en calquera sitio a onde vaya e os feitos de Sudamérica "no andan de buena guisa".

As cousas da nosa colexividade siguen coma sempre. Variación sobre o mesmo tema. Os "petrucios" quitaron un periódico que dirixe un fillo de Perfecto López. Polo de agora aínda non se meteron con ningún. Siguen todos soñando nos cartos de Puente, pero resulta que tamen Puente soña no mesmo, nos seus cartos e, soño vai, soño ven, pasan a vida soñando. Cando espertan, ven que Puente tamén está esperto porque él, pra soñar con cartos non precisara durmir.

Os do Consello celebran xuntanzas cada tres meses ou denantes se morre algun dos compoñentes. Teñen previsto que farán xuntanza de urxencia en caso de que caia o goberno aínda sen previo aviso. Conqueriron que a Municipalidad de Buenos Aires lles dira un posto na comisión do moimento a Castela, o cal é de decisiva importancia pra o futuro de Galiza, pois con esa representación o Consello medrou aos ollos do deputado Parravicini de UCRI, de Belnicoff de UCRP e mais do concellal Romanini de Udelpa.

E nos, coma decote, pola Federación, facendo o que se pode, que non é moito.

Unha forte aperta pra María del Carmen, Constanza e Miguel e ti recibe outro moi forte

[Ramón Valenzuela] [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.